



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13 DE SETEMBRO DE 2021

### **1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00040778B.**

#### **Aprobación de acta de sesión anterior.**

Apróbase a acta da sesión ordinaria de data 6 de setembro de 2021.

### **2. DEPORTES. Referencia: 3512/2021.**

#### **Aprobación da certificación final da obra de substitución do céspede sintético e do peche perimetral do campo de fútbol de As Cancelas (XOB/31/2020).**

Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación nº 7- FINAL, por importe de 53.322,34 euros das obras de SUBSTITUCIÓN DO CÉSPEDE SINTÉTICO E DO PECHER PERIMETRAL DO CF DE AS CANCELAS (XOB/31/2020) adxudicadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 28/09/2020 á empresa PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.

### **3. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: INF 5.**

#### **Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS, SLU en concepto de mantemento do aplicativo sicalwin correspondente aos meses de marzo e abril.**

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL DOUSCENTOS VINTENOVE EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (4.229,14 €), segundo as facturas 2021/91 e 2021/1839 que figura no expediente, en concepto de mantemento do aplicativo sicalwin correspondente ao mes de marzo e abril de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar gravez prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033881Z.**

#### **Aprobación do expediente denominado Concesión do uso privativo do dominio público municipal para a explotación de dous quioscos, sitios no parque da Alameda (lote I) e na praza de Vigo (lote II) e a apertura do procedemento de adxudicación.**

Apróbase o expediente denominado *Concesión do uso privativo do dominio público municipal para a explotación de dous quioscos, sitios no parque da Alameda (lote I) e na praza de Vigo (lote II)* e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento *aberto*, establecéndose un tipo mínimo de licitación en forma de canon a abonar a este Concello de **3.000 euros**.

**5. COMERCIO. Referencia: 2021/00034657P.**

**Aprobación das bases da convocatoria de cheques de consultoría para o comercio local do programa COIDAR PARA MELLORAR 2021.**

Acórdase:

Primeiro.-A aprobación das bases da convocatoria e adxudicación de 36 cheques de consultoría para o comercio local do programa Coidar para mellorar 2021 nas seguintes modalidades:

- Comunicación (12 cheques)
- Escaparatismo e mercadotecnia visual (12 cheques)
- Transformación dixital (12 cheques)

Segundo.-A publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña por medio da Base de Datos Nacional de Subvencións.

**6. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0047.**

**Aprobación da relación definitiva de matrículas e da lista de agarda na Escola Municipal de Música para o curso escolar 2021 – 2022.**

Apróbese a relación definitiva de matrículas e da lista de agarda na Escola Municipal de Música para o curso escolar 2021-2022.

**7. ALCALDÍA. Referencia: 2021/00040756N.**

**Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Concellería Delegada de Deportes e Benestar Animal.**

Acórdase:

*Primeiro.* Delegar na concelleira delegada de Deportes e Benestar Animal, no ámbito da súa área de actividade e responsabilidade, a competencia establecida na Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público para autorizar, cunha duración non superior a un ano, o aproveitamento especial ou o uso privativo con instalacións desmontables ou bens mobles das instalacións deportivas municipais que sexan bens de dominio público local.

A delegación comprende a facultade para resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

Esta delegación terá efectos desde a data de adopción do acordo.

*Segundo.* Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

**8. ALCALDÍA. Referencia: Dación conta Creas IV.**

**Dación de conta do outorgamento dunha subvención para financiar o obradoiro de emprego “CREAS IV”.**

Acórdase:

Tomar coñecemento do outorgamento ao Concello de Santiago de Compostela do outorgamento pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Emprego e Igualdade dunha subvención de 346.946,00 euros para financiar o Obradoiro dual de emprego “CREAS IV”.

O importe da subvención distribúese nas seguintes anualidades:

- 2021: 138.778,40 euros.
- 2022: 208.167,60 euros.

**9. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00040778B.**

**Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.**

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 3 ao 9 de setembro de 2021.

**URXENCIAS**

**10. CON/22/2021. Renovación da sala de caldeiras existente no Pazo de Raxoi.**

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto a *Execución das obras do proxecto técnico de renovación da sala de caldeiras existente no Pazo de Raxoi de Raxoi en Santiago de Compostela* a favor da empresa IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, por un importe total de 115.164,17 euros (Importe contrato: 95.177,00 €, IVE do 21%: 19.987,17 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos e un incremento do 2% do orzamento de control de calidade e do 4% no orzamento do programa de actuación ambiental.

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato o xefe de servizo de Obras e Proxectos.

Segundo: Aprobar e dispoñer o gasto necesario para o financiamento deste contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 040 93300 6230000/ 2021 2 RAXOI 21 1.

**11. Aprobación das bases de subvencións (DS). Deportes.**

Apróbanse as bases reguladoras da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ao fomento do deporte federado, ano 2021, para a que se establece unha consignación económica por valor de 300.000 euros, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890100/2021.